

Miguel Rodríguez Quelle, director xerente de **Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.** (en adiante RETEGAL), en nome e representación da mesma, e facultado para este acto en virtude da súa condición de Apoderado, segundo consta en escritura outorgada polo Notario de Santiago de Compostela, D. Héctor R. Pardo García, o día 16 de xuño de 2015, co número 1.059 do seu protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela.

CERTIFICA:

Primeiro.- Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa sesión do 15 de maio de 2014, acordou a aprobación da posta en marcha e o modo de explotación da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia (en adiante **RESGAL**), establecendo que a xestión e mantemento da rede corresponderá á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)**, a través da empresa pública **Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.**

O referido acordo establece a obrigatoriedade de adhesión á RESGAL de todos os organismos do sector público autonómico vinculados ás emerxencias, abrindo o uso da rede, entre outros, aos concellos que precisen coordinarse cos servizos de emerxencias, e dentro das posibilidades que contemple a normativa vixente en materia de telecomunicacións e competencia. Así mesmo establécese que cada organismo integrado asumirá os gastos da parte proporcional dos servizos que empregue.

Segundo.- Que na súa sesión do 21 de maio de 2015, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o procedemento e os modelos de adhesión das entidades locais á RESGAL, así como a participación nos custos derivados do mantemento e explotación da rede mediante o pagamento dunha tarifa anual proporcional ao número de terminais e servizos empregados.

Así as cousas, en función de se os terminais son adquiridos polas entidades (opción A) ou utilizados mediante cesión de uso pola Xunta de Galicia (opción B), e sempre que se cumpran as condicións establecidas, fixéronse dúas modalidades de adhesión á RESGAL.

Terceiro.- Que, o procedemento de adhesión contempla no seu apartado “cuarto”, para calquera das dúas modalidades:

“A aceptación das tarifas que en cada momento estean vixentes no órgano encargado da xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia.

O importe das ditas tarifas abonarase mensualmente por parte do organismo e será proporcional ao número de terminais e aos servizos que se utilicen. O abono farase directamente a Retegal SA, en virtude do disposto na Resolución do 19 de xaneiro de 2015, pola que se encomenda á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA, a xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, previa facturación por parte de Retegal SA [...]”

“Sen prexuízo do disposto anteriormente, a facturación por parte de Retegal SA á entidade local correspondente responderá a servizos efectivamente prestados.”

Cuarto.- Que, en virtude do exposto no parágrafo anterior, o Consello de Administración de **RETEGAL**, na súa xuntanza do día 24 de marzo de 2015, aprobou as tarifas para o ano 2015, correspondentes ás entidades locais, que foron establecidas en función do modelo de adhesión da concreta entidade local.

As tarifas aprobadas polo Consello de Administración de RETEGAL, e que debe asumir a entidade local en concepto de participación no mantemento da rede, por terminal e ano son as que se indican a continuación:

Tipoloxía	Opción A	Opción B
	€/terminal/ano (IVE incluído)	€/terminal/ano (IVE incluído)
Cidades > 200.000 habitantes	383,88	499,04
Resto 7 cidades	341,22	443,59
Resto entidades	298,57	388,14
Posto despacho	9.207,39	21.175,00
Posto despacho e acceso a aplicacións Premium	31.483,85	44.731,28

Estas tarifas poderán estar suxeitas ás variacións que puideran vir determinadas polo órgano encomendante da xestión e operación da RESGAL (AMTEGA)

E para que conste, asina a presente en Santiago de Compostela a un de setembro de dous mil quince.

Asdo.: Miguel Rodríguez Quelle

